# EDMUNDO MASEDA PROPÓN UN DEBATE ENTRE OS ALCALDABLES DE O VALADOURO PARA RESPOSTAR ÁS CUESTIÓNS QUE INTERESAN AOS VECIÑOS E VECIÑAS

**O candidato indica que a súa intención "é que sexa un diálogo aberto á cidadanía, para que os asistentes poidan realizar as cuestións de actualidade e de interese que máis preocupan á poboación de O Valadouro"**

**A organización do debate responde ao propósito de promover a participación cidadá incluída no programa do PSOE**

**O Valadouro, 15 de maio de 2015.-** O candidato socialista á alcaldía de O Valadouro e actual alcalde –Edmundo Maseda- propón a celebración dun debate a tres bandas cos outros dous alcaldables deste municipio, PP e BNG.

Maseda indica que a súa intención "é que sexa un diálogo aberto á cidadanía, para que os asistentes poidan realizar as cuestións de actualidade e de interese que máis preocupan á poboación". A organización do debate responde ao propósito de promover a participación cidadá incluída no programa do PSOE, co obxectivo de garantir un goberno transparente e sen nada que agochar.

Deste xeito, todas as forzas políticas do municipio poderán expoñer ante á cidadanía ás explicacións que solicitan e definir as propostas que inclúen no seu programa electoral.

O candidato socialista promove este debate aberto ao que convida a todos os veciños e veciñas de O Valadouro para que coñezan de primeira man os proxectos para o municipio das diferentes formacións políticas que concorren aos comicios do 24 de maio. Por iso, Edmundo Maseda está a trasladar á súa proposta ao resto de candidaturas.